



Guía Docente				
Datos Identificativos				2018/19
Asignatura (*)	Iniciación á investigación educativa		Código	652601E12
Titulación				
Descriptores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	2
Idioma	CastelánGalego			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Losada Puente, Luisa	Correo electrónico	luisa.losada@udc.es	
Profesorado	Losada Puente, Luisa	Correo electrónico	luisa.losada@udc.es	
Web				
Descripción xeral	Neste curso pretendemos que o estudiante do máster se familiarice cos diferentes tipos de investigacións no ámbito educativo; que coñeza, comprenda e valore as características da metodoloxía científica e, ademais, comprenda os procedementos para a realización de investigacións en educación.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe			
Resultados de aprendizaxe			Competencias / Resultados do título
Os estudiantes serán capaces de recoñecer a estrutura dos diferentes traballos de investigación		AP19	CM6 CM8
Os estudiantes serán capaces de identificar e comprender as diferentes fases e actividades que requiere a actividade investigadora		AP19 AP24 AP28	CM4 CM6 CM7 CM8
Os estudiantes serán capaces de realizar propostas e deseños metodolóxicos acordes coa temática concreta que queiran investigar		AP28 AP35	CM1 CM3 CM4 CM5 CM6 CM8
Serán competentes para deseñar e desenvolver un proxecto de investigación		AP24 AP28 AP35	CM3 CM4 CM5 CM6 CM8

Contidos	
Temas	Subtemas
Tema 1. A investigación avaliativa: O problema de investigación	1.1. Plantexamiento do problema 1.2. As hipóteses de traballo e os obxectivos
Tema 2. Metodoloxías e técnicas da investigación educativa	2.1. A metodoloxía cuantitativa 2.2. A metodoloxía cualitativa 2.3. Técnicas de recollida de información
Tema 3. Deseños de proxectos de investigación educativa	3.1. Elaboración dun proxecto de investigación



Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Sesión maxistral	A19 A24 C6 C7	5	0	5
Proba mixta	A19 A24 C1 C8	1	10	11
Traballos tutelados	A28 A35 C3 C4 C5 C8	6	18	24
Presentación oral	A28 C1 C5 C8	2	6	8
Atención personalizada		2	0	2

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descripción
Sesión maxistral	Na que se traballarán os conceitos básicos da materia acompañados de exemplos propios das disciplinas dos estudiantes
Proba mixta	Integrará preguntas tipo de probas de ensaio (abertas e de desenvolvemento) e preguntas tipo de probas obxectivas, que poderán combinar preguntas de resposta múltiple, de ordenación, de resposta breve, de discriminación, de completar e/ou de asociación.
Traballos tutelados	Nos que se elaborará un proxecto de investigación sobre unha temática suxerida polos estudiantes Este sistema de ensino baséase en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudiantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-titor.
Presentación oral	Exposición verbal a través da que o alumnado e profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestiós, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.

Atención personalizada	
Metodoloxías	Descripción
Traballos tutelados	Para desenvolver a proposta de proxecto de investigación que se plantexa como actividade central na asignatura, os estudiantes contarán co apoio da profesora. Para elo, se realizarán titorías tanto presenciais como virtuais e poderán plantexarse de forma individual ou grupal.

Avaliación			
Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descripción	Cualificación
Presentación oral	A28 C1 C5 C8	O proxecto investigador proposto será presentado de forma oral, e valorarase seguindo criterios relacionados coa calidad e a claridade na exposición, a capacidade de axustarse aos tempos esixidos e o emprego de recursos innovadores.	20
Proba mixta	A19 A24 C1 C8	O sistema de corrección da dita proba será o seguinte: - Para preguntas de verdadeiro/falso: unha resposta incorrecta, restará unha resposta correcta. - Para preguntas de varias alternativas aplicarase a fórmula de corrección ao azar: acertos - errores/nº alternativas - 1. Na avaliación individual tamén se terá en conta a participación de cada estudiante no traballo do grupo así como a asistencia as diferentes sesiós que se puntuará como máximo con 1 punto.	40



Traballos tutelados	A28 A35 C3 C4 C5 C8	<p>Ao longo das sesións iránse desenvolvendo de forma teórica e práctica os diferentes apartados dun proxecto investigador centrado nunha temática relacionada cos contidos do módulo. O alumnado deberá desenvolver eses contidos de forma escrita, xustificando cada decisión tomada. Poderase realizar de forma individual ou grupal.</p> <p>A proposta do proxecto investigador terá un tamaño de 5-6 follas máximo, e será valorado tanto na súa presentación oral, como na súa forma escrita, atendendo a criterios relacionados coa calidade do traballo e o seu carácter innovador.</p> <p>Os contidos incluidos deben estar apropiadamente referenciados ao longo do traballo e no apartado de referencias usando as normas APA 6ª Edición (ou unha posterior se proceder).</p> <p>No parafraseado deben figurar as fontes orixinais das ideas que se reelaboran. A presencia de fontes científicas no traballo é un signo de credibilidade que é un requisito imprescindible para demostrar a excelencia académica.</p> <p>Recoméndase consultar todo o relacionado coa propiedade intelectual e cómo publicar no seguinte enlace:</p> <p>https://www.udc.es/gl/biblioteca/servizos/apoyo_investigacion/servizos_apoyo/index.html</p>	40
---------------------	------------------------	---	----

Observacións avaliación

ALUMNADO ASISTENTE: As condicións da avaliación sinaladas, fixanse para o alumnado asistente a clase.

- Considerarase alumnado asistente a aquel que presente, como máximo un 20% de faltas de asistencia durante o curso; por iso, o profesorado poderá solicitarlle ao alumnado que asine unha folla tanto á entrada como á saída.
- O alumnado poderá xustificar as súas faltas de asistencia.
- O alumnado deberá acadar o 50% da nota en cada una das metodoloxías de avaliación sinaladas; isto é, un 2 sobre 4 na proba mixta, un 2 sobre 4 no traballo tutelado e un 1 sobre 2 na presentación oral.

ALUMNADO NON ASISTENTE: O alumnado que non forme parte de ningún grupo, non realice a proposta de proxecto investigador ou non asista regularmente ás clases, considerase alumnado non asistente.

O alumnado non asistente aparecerá como suspenso na 1º convocatoria, cunha cualificación de 4 puntos, e terán que realizar someterse ao seguinte proceso de avaliación para a 2º convocatoria de xullo:

- Terá que presentar a proposta de proxecto investigador que serán valoradas co 20% da cualificación final da materia; isto é, 2 puntos sobre 10, pero é necesario acadar a metade da puntuación para aprobar (é dicir, mínimo 1 punto). O prazo máximo de entrega será a semana seguinte de finalizar as clases.
- Terá que realizar o exame de proba mixta, cuxa cualificación será do 80% da nota final; isto é, 8 puntos sobre 10, pero é necesario acadar a metade da puntuación para aprobar (é dicir, mínimo 4 punto).

ALUMNADO CON MATRÍCULA A TEMPO PARCIAL: A UDC regula a matrícula de estudiantes a tempo parcial, criterios que tamén serán tidos en conta polo profesorado, polo que será necesario que o alumnado con este tipo de réxime de dedicación, solicite a dispensa e a entregue á docente, concertando una tutoría na que lle informará sobre a maneira na que se desenvolverá o proceso de ensino-aprendizaxe. O alumnado que se adhiera a esta modalidade será avaliado baixo o seguinte proceso de avaliación:

- Terá que presentar a proposta de proxecto investigador que serán valoradas co 20% da cualificación final da materia; isto é, 2 puntos sobre 10, pero é necesario acadar a metade da puntuación para aprobar (é dicir, mínimo 1 punto). O prazo máximo de entrega será a semana seguinte de finalizar as clases.
- Terá que realizar o exame de proba mixta, cuxa cualificación será do 80% da nota final; isto é, 8 puntos sobre 10, pero é necesario acadar a metade da puntuación para aprobar (é dicir, mínimo 4 punto).



Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none">- Arana, F. (2014). Método experimental para principiantes. Madrid: Fondo de Cultura Económica- Bisquerra Alzina, R. (2004). Metodología de la investigación educativa. Madrid: La Muralla- Blaxter, L., Hughes, C. y Tight, M. (2008). Cómo se investiga. Barcelona: Graó- Carvajal Sánchez, J. (Coord.) (2012). Iniciación a la investigación. Colombia: INICIEN- Fernández C., Hernández, R. y Baptista P. (2006). Metodología en la investigación. México: McGraw Hill- Gil Pascual, J.A. (2015). Metodología cuantitativa en educación. Madrid: UNED- Quezada, N. (2014). Estadística con SPSS 22. Perú: Ed. Macro- Martínez-Fernández, J.R. (2014). Introducción al análisis de datos cuantitativos en Ciencias Sociales. Madrid: Pearson- McMillan, J.H. y Schumacher, S. (2010). Investigación educativa (5ª ed.). Madrid: Pearson- Schettini, P. y Cortazzo, I. (2016). Análisis de datos cualitativos en la investigación social. Venezuela: Editorial La Cátedra- Sánchez Huete, J.C. (2013). Métodos de investigación educativa. Sevilla: Punto Rojo Libros, S.L.
Bibliografía complementaria	<ul style="list-style-type: none">- Bryman, A. (2016). Social research methods. Nueva York: Oxford University Press.- Kothary, C.R. (2006). Research methodology: Methods and techniques. Nueva Delhi: New Age International Publisher- Kumar, R. (2014). Research methodology: A step-by-step guide for beginners . Nueva Delhi: APH Publishing Corporation

Recomendacións

Materias que se recomienda ter cursado previamente

Materias que se recomienda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

Recoméndase os envíos dos traballos telemáticamente e de non ser posible, no utilizar plásticos, elixir a impresión a doble cara, empregar papel reciclado e evitar imprimir borradores. Débese facer un uso sostible dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sostenibiliade nos comportamentos persoais e profesionais.

(*)A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías